

O pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva, reunido o 8 de xullo de 2026, resolveu, por unanimidade, en relación co nº 94/2026

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- Con data 1 de xullo de 2026 e número de entrada no Rexistro do CGXD 2026/1974022, Don Adolfo González-Almuíña Torres, presenta recurso ante o Comité contra a acta núm. 3 da Xunta Electoral da Federación Galega de Automobilismo do 27 de xuño de 2026, pola que se desestima a súa inclusión no censo electoral provisional.

No dito recurso impúgnase a desestimación da súa reclamación previa e solicítase a súa inclusión no censo electoral provisional polo estamento de deportistas, na especialidade de Todo Terreo, 4x4, Raid e Quad. O recorrente fundamenta a súa pretensión no cumprimento dos requisitos de actividade deportiva e na existencia dunha posible contradición normativa entre o Regulamento electoral da FGA e o Decreto 16/2018.

O recorrente alega que durante as tempadas 2024 e 2025 participou en competicións oficiais de ámbito estatal integradas nos calendarios da Real Federación Española de Automobilismo, tales como a Baixa España Aragón ou o Rally Costa Brava Histórico, achegando a documentación acreditativa correspondente. Sostén que a resolución impugnada carece dunha motivación suficiente ao fundamentar a exclusión unicamente na falta de licenza expedida pola FGA durante a tempada 2024, aplicando o artigo 6 do Regulamento electoral, sen valorar a adecuación do dito precepto á norma de rango superior, o Decreto 16/2018, nin a actividade deportiva efectivamente acreditada.

II.-O CGXD admitiu a trámite o Recurso co número 94/2026 na súa sesión de 3 de xullo de 2026, acordando que, de conformidade co establecido no artigo 53 da Lei 3/2012, este debe tramitarse polo procedemento que en materia electoral federativa se regula nos artigos 55 e seguintes do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva. En



virtude de dita admisión, deuse traslado á Xunta Electoral da Federación Galega de Automobilismo para que, de xeito urxente, informase sobre o recurso presentado e remitíase a este Comité o expediente administrativo orixinal relativo ao acto impugnado.

**III.** En cumprimento do requirimento efectuado por este Comité, con data 7 de xullo de 2026, tivo entrada o informe emitido pola Xunta Electoral da Federación Galega de Automobilismo (FGA), asinado polo seu Secretario, Don Andrés Hermida-Cachalvite Manzano, xunto coa certificación emitida polo Secretario da Comisión Xestora da FGA relativa á licenza e participación deportiva do recorrente.

No devandito informe, a Xunta Electoral da FGA solicita a desestimación do recurso e mantén a corrección da resolución impugnada, baseándose nos seguintes argumentos:

- Inexistencia de licenza na tempada 2024: A Xunta Electoral fundamenta a súa decisión no informe previo solicitado á Secretaría da Comisión Xestora.
- Fronte á alegación de xerarquía normativa exposta polo recorrente, a Xunta Electoral sostén que o Regulamento Electoral da FGA é plenamente conforme co Decreto 16/2018, do 15 de febreiro.
- A Xunta Electoral invoca o artigo 17.5 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, para soste que o Comité Galego de Xustiza Deportiva carece de competencia para revisar o contido dun regulamento xa aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- O informe rexeita a vulneración de principios xerais como a igualdade ou a proporcionalidade, ao entender que a norma non admite interpretacións alternativas.

Deste xeito, a Xunta Electoral da FGA ratifica a súa decisión de non incluír a D. Adolfo González-Almuíña Torres no censo electoral provisional por considerar que non cumpre cos requisitos de elixibilidade e electorado establecidos na normativa vixente.



## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### **Primeiro.- Competencia e procedemento.**

O Comité Galego de Xustiza Deportiva é o órgano competente para coñecer e resolver o presente recurso, de conformidade co marco normativo establecido pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Así, o artigo 93 da citada norma establece de xeito taxativo:

«1. O Comité Galego de Xustiza Deportiva é competente para coñecer dos actos que se produzan relativos a: [...] c) Control das decisións ditadas nos procesos electorais polos órganos competentes das federacións deportivas de Galicia, incluída a súa convocatoria e o regulamento aprobado pola asemblea xeral federativa, polo procedemento previsto nos artigos 55 e seguintes do Decreto 120/2013.»

Esta atribución competencial vese reforzada polo disposto no artigo 111 da Lei 3/2012, que regula o réxime de impugnación das decisións das xuntas electorais federativas:

En canto ao procedemento aplicable, a propia Lei do Deporte remite ao desenvolvemento regulamentario que hoxe atopamos no Decreto 120/2013, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva. Este texto regulamentario, en coherencia co mandato legal, dispón que a tramitación dos asuntos electorais debe seguir o procedemento especial regulado nos seus artigos 55 e seguintes.

No caso que nos ocupa, o recurso interponse contra unha resolución expresa da Xunta Electoral da Federación Galega de Automobilismo (Acta nº 3, do 27 de xuño de 2026), e foi presentado o 1 de xullo de 2026, cumprindo cos requisitos de prazo establecidos na normativa anteriormente citada.

### **Segundo.- Lexitimación.**

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES  
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela



De conformidade co disposto no artigo 56 do Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva, están lexitimadas para interpoñer recurso en materia electoral as persoas ou entidades cuxos dereitos ou intereses lexítimos resulten afectados polo acordo ou resolución impugnada, así como aquelas que formasen parte do procedemento electoral federativo no que se ditou o acto obxecto de recurso.

No presente caso, Don Adolfo González-Almuíña Torres posúe lexitimación activa por ser a persoa directamente afectada pola súa exclusión do censo electoral provisional, o que incide de xeito frontal no exercicio do seu dereito de participación. Así mesmo, consta que foi parte na vía electoral federativa previa ao formular a reclamación ante a Xunta Electoral da FGA, resolta mediante a Acta nº 3 que aquí se impugna. Esta situación encádrase no previsto no artigo 51 do Decreto 16/2018, que no seu apartado segundo:

*«recoñece lexitimación para interpoñer recurso electoral ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva ás persoas que fosen parte na impugnación ante a xunta electoral federativa ou ás persoas interesadas directamente polo acordo ou resolución impugnada.»*

En consecuencia, debe recoñecerse a lexitimación do recorrente para pretender a súa inclusión no estamento de deportistas conforme á normativa aplicable.

### **Terceiro.- Resolución.**

#### **i. Sobre a impugnación do contido do Regulamento Electoral.**

O recorrente, Don Adolfo González-Almuíña Torres, fundamenta a súa pretensión na alegada ilegalidade do artigo 6 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Automobilismo, sostendo que este vulnera o principio de xerarquía normativa ao impoñer requisitos de elixibilidade máis restritivos que os previstos no artigo 8.1.a) do Decreto 16/2018.

Non obstante, este Comité debe declarar, con carácter previo, a súa absoluta falta de competencia para entrar a valorar a legalidade ou o contido intrínseco do

COMITÉ GALEGO DE XUSTIZA DEPORTIVA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA XUSTIZA E DEPORTES  
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar. 15781 Santiago de Compostela



devandito Regulamento. O marco normativo que rexe os procesos electorais das federacións deportivas galegas establece un sistema de impugnacións específico para as normas regulamentarias que non inclúe a revisión por parte deste órgano administrativo superior.

A este respecto, o artigo 17.5 do Decreto 16/2018 establece de forma taxativa que:

*«A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso-administrativo. Non obstante, poderase impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva a convocatoria da asemblea xeral e a adopción do acordo polo que se aproba o regulamento electoral segundo os seus respectivos estatutos. En ningún caso se poderá impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento.»*

Desta disposición despréndese que o control da legalidade do Regulamento Electoral corresponde exclusivamente á Secretaría Xeral para o Deporte no momento da súa aprobación definitiva e, posteriormente, á xurisdición contencioso-administrativa. O Comité Galego de Xustiza Deportiva ten atribuída a función de velar polo axuste a dereito do proceso electoral, pero esta facultade non lle permite actuar como un órgano de control de normas xa aprobadas e firmes na vía administrativa.

O Regulamento Electoral da FGA foi aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte mediante resolución de 18 de maio de 2026, adquirindo dende ese momento plena eficacia e presunción de legalidade. Pretender que este Comité declare a inaplicabilidade ou nulidade dun dos seus artigos a través dun recurso contra un acto de aplicación (como é a exclusión do censo electoral provisional) suporía unha vulneración directa da prohibición contida no citado artigo 17.5 do Decreto 16/2018.

En consecuencia, este Comité debe rexeitar calquera análise sobre a validez do artigo 6 do Regulamento Electoral, debendo limitar a súa función revisora a comprobar se a actuación da Xunta Electoral da FGA se axustou estritamente ao contido da norma que, para todos os efectos, resulta vinculante. A seguridade



xurídica e a estabilidade do itinerario electoral esixen que as normas que rexen o proceso non sexan cuestionadas fóra das canles e momentos procesuais especificamente previstos na lei.

ii. Sobre o cumprimento dos requisitos para forma parte do censo electoral.

Con carácter previo, este Comité debe analizar a pretensión do recorrente relativa á suposta contradición entre o artigo 8.1.a) do Decreto 16/2018 e o artigo 6 do Regulamento Electoral da FGA. Sostén o recorrente que a esixencia de licenza federativa pola FGA nas tempadas anteriores supón unha restrición ilegal fronte ao Decreto autonómico.

Porén, do cotexo de ambas as normas despréndese unha identidade substancial nos requisitos de elixibilidade. O artigo 6.1.a).2 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Automobilismo establece literalmente:

*«Ter licenza federativa en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo na data de convocatoria das eleccións, e nas dúas tempadas anteriores á da celebración das eleccións.»*

Esta redacción é plenamente coincidente co marco establecido no Decreto 16/2018, que esixe a tenza de licenza tanto no momento da convocatoria como nas dúas tempadas anteriores. Non existe, polo tanto, a restrición adicional que invoca o recorrente, senón unha reprodución fiel da norma.

Entrando no fondo do asunto, cobra especial relevancia a proba documental achegada pola Federación. No expediente administrativo consta a certificación emitida polo Secretario da FGA, que confirma que o recorrente non foi titular de licenza federativa expedida pola FGA durante a tempada 2024. O propio recorrente non rebate este feito no seu escrito, pretendendo substituír dito requisito formal pola súa participación en probas de ámbito estatal.

A este respecto, cómpre sinalar que o dereito de sufraxio, aínda sendo un dereito fundamental que debe interpretarse de forma favorable á participación, non é un dereito absoluto, senón de configuración legal. O cumprimento dos requisitos



formais, como é a posesión da licenza pola federación que convoca o proceso, é unha condición sine qua non establecida polo lexislador para garantir a vinculación do elector coa estrutura deportiva autonómica.

Como ben sinala o informe federativo, a falta de licenza na tempada 2024 impide o cumprimento do requisito de continuidade esixido polo artigo 6 do Regulamento e polo artigo 8 do Decreto 16/2018. Ao non ostentar a condición de elector conforme á norma vixente e non impugnada no seu momento, a decisión da Xunta Electoral de desestimar a súa inclusión no censo provisional axústase estritamente á legalidade.

En consecuencia, non apreciándose vulneración dos principios de igualdade ou proporcionalidade, toda vez que a norma se aplica de forma uniforme, procede a desestimación do recurso.

En virtude de todo o exposto, **o Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva, por unanimidade, acorda desestimar o recurso electoral 94/2026 interposto por Don Adolfo González-Almuíña Torres fronte á Acta nº3 da Xunta Electoral da Federación Galega de Automobilismo.**

Notifíquese ás persoas interesadas, facéndolles saber a todos eles que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra ela cabe recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2026.  
O Pleno do Comité Galego de Xustiza Deportiva  
P.O. A secretaria

